sumario

Calendario escolar 2
Sumario / Editorial 3

colaboracións

12 meses, 12 paisaxes 4
Meteoescolas 5
Mirando cos ollos pechados 6

complementarias

Excursión a Mallorca 7

Visita guiada por Santiago 8
Granxa Agro do Cruceiro 10
Granxa de Feiraco 11

Granxa de Marcelle 11
Orla 6º EI 12
Orla 6º EP 13
Cartografía divertica 14
Visitamos o Barbanza 14
Scratch 14
Estar na pel dun cego... 15
A cociña solar 15
Visitamos o Parlamento 15

Volta ciclista junior 16
Museo do Pobo Galego 16
XIV Campaña de lectura 16
Saída pola cidade 17
Obradoiro de arte 17

escolares

Simulacro de evacuación 18
A Ribeira Sacra 19
Faros sen fareiros 19
Un ordenador por dentro 20
Vai a nena para a escola 20
Dinamización Lingüística 21

biblioteca 22

anpa 23

editorial

Xosé Manuel Casaleiro
Director

Rematamos o curso



Evolución do número de solicitudes e vacantes no proceso de admisión.

Como todos os anos, visitounos Carmen, a Orientadora do IES Rosalía, Gema e Carmen, profesoras de alemán e francés, a fin de dar a coñecer ao noso alumnado o novo centro ao que se van incorporar ademáis das optativas que van a ter en 1º ESO.

Estamos a finais de xuño, é tempo de despedidas. Despedimos de novo un curso e con el ás mestras e mestres que nos deixan, ben por xubilación, ben por non teren destino definitivo no centro; despedímonos tamén do alumnado de 6º de EP que remata etapa así como das súas familias, esperando que tiveran pasado unha feliz estancia no centro ao longo destes nove anos. Lembrámoslles que o día 26 de xuño teremos o acto de despedida desta nova promoción.

De cara ao vindeiro curso e no que atinxe aos libros de texto , a pesares de estar aprobada a LOMCE, manteremos os actuais a falta de coñecer a concreción do currículo e polo tanto non dispor de criterios para avaliar o material escolar. Desde aquí solicitamos a todas as familias a colaboración co **banco de libros do centro**, aportando a éste os exemplares utilizados, que de seguro será o último ano que se empreguen e poden aínda axudar a outras familias que o precisen.

Como novidade, o vindeiro ano ampliaremos as seccións bilingües ata 3º de EP e contaremos cun novo auxiliar de conversa, Ruegg Jeremy, a quen lle damos a benvida ao igual que ao alumnado de nova incorporación, ás súas familias e o profesorado que vai estar con nós en 2014-2015.

Desexamos que pasedes un feliz verán e ata setembro.

Despedidas

Neste curso tamén se despiden de nós tres mestras que levan toda a vida dedicada á docencia. Victoria, Daisy e María sen dúbida merecen un descanso e poder realizar outras actividades ás que de seguro non puideron adicar todo o tempo que desexaban estando en activo.
Non as imos esquecer e esperamos velas moitas veces de visita polo centro.

Entrevistamos a Daisy

Marcos García e Daniel Losada. 6º B

Como foi o seu paso polo Colexio? *Foron nove cursos de intenso traballo pero cheos de satisfaccións por ver que as xeracións que pasaron pola miña aula están maioritariamente encauzadas; algunhas delas xa en secundaria e obtendo bos resultados académicos.*

Estivo a gusto neste Colexio? *Sí. O ambiente que se respira no Centro é excelente. Tanto os compañeiros/as coma os nenos/as en xeral fixeron que a miña estadía neste Colexio fora agradable en todo momento. Os bos recordos son moitos: os magostos, distintas saídas, despedidas de alumnos/as logo de rematar os seus estudos de primaria, festivais…*

Foi este Colexio o único no que traballou? *Non, estiven en tres Centros distintos. O primeiro destino foi nunha escola unitaria na montaña de Lugo na que tiña alumnos/as dende Infantil ata Quinto da antiga EXB. Logo estiven dous anos en Tenerife; un curso con Infantil e outro con Cuarto. Voltei para a Península con destino en Rianxo onde pasei vintetrés anos. Finalmente viñen parar ao Pío XII, no que rematou a miña etapa de mestra.*

Sempre desexou ser mestra? *Era unha das miñas opcións xa que pasei parte da miña infancia (os meses de xuño dende que remataba as miñas clases no Instituto), coa miña madriña, que era mestra, en distintas escolas de Galicia e de Asturias, nas que ela estivo destinada. Dese xeito, foise metendo en min o "verme" do ensino.*

Quere dicir algunas palabras de agradecemento ao colectivo en xeral? *Por suposto teño que dar as grazas a todos os compañeiros/as dos que recibín apoio en momentos difíciles da miña vida privada que me tocou pasar neste centro. Tamén aos pais e nais dos que sempre tiven a cooperación necesaria para levar a cabo o traballo diario cos seus fillos e fillas e por suposto aos nenos e nenas que se esforzaron día tras día para ir mellorando e superándose.*

Non quero esquecerme tampouco de persoas tan importantes coma Suso, María e Yolanda dos que recibín apoio en todo momento. Aínda que paso á "reserva", voltarei de cando en vez para rememorar tempos pasados e darvos un pouquiño de envexa.

Unha aperta para todos e todas.